

# Limiar

LAURA CARBALLO, OLIVIA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, BURGHARD BALTRUSCH

«**G**alicia nos Contextos Globais: Perspectivas para o Século XXI» foi a idea aglutinante que escolleu a dirección da Asociación Internacional de Estudos Galegos durante o período 2006-2009, co gallo de atraer galicianistas de todo o mundo ao primeiro congreso que a AIEG ía celebrar en Galiza. Este IX Congreso foi o que tivo maior duración e asistencia da historia da AIEG: Máis de 200 congresistas de 40 universidades estranxeiras e 6 estatais —entre outras institucións académicas— contribuíron con conferencias, participacións en mesas redondas e relatorios, o que confirmou tanto a vitalidade da asociación como o crecente interese que os Estudos Galegos espertan a nivel internacional. Tratouse dun congreso organizado e realizado nas tres universidades galegas e que en grande parte quedou gravado pola UVigo Televisión, onde pode ser visualizada (<<http://tv.uvigo.es/gl/serial/583.html>>).

O tema do congreso fora inspirado polos cambios acelerados aos que nos somete a era das telecomunicacións, con discursos uniformes e maniqueístas que se impoñen nos máis apartados rincóns do planeta, vehiculando elementos culturais alleos ao lugar de implantación, e que convidaban á reflexión sobre a posición de Galicia e, especialmente, da súa lingua. Porén, a perspectiva dunha Galicia nos contextos globais incitaba a ir máis aló dos estudos lingüísticos e mesmo literarios. Así, entre os días 13 e 17 de xullo de 2009, ofrecérase unha ampla proposta para o debate, no que eidos como o Dereito, a Economía, a Política, a Arquitectura, a Historia e Xeografía, os Estudos de Tradución e mesmo as Ciencias da Comunicación e as Tecnoloxías da Información atoparon un relevante oco nun espazo de reflexión. Durante estes días, o ámbito académico do noso país demostrou a súa puxanza e quedou patente o interese de máis de 200 galicianistas procedentes de catorce países, que foron testemuñas do «localismo globalizador», en palabras de Boaventura de Sousa Santos, e que Galicia é quen de ofrecer ao século XXI.

Xa antes de se conformar como unha cultura-nación, Galicia se atopaba inserida nas primicias das dinámicas globais. Dende os principios da historia dos pobos, a cultura galega fora unha cultura en vías de globalización: migratoria, receptora e hospitalaria —sen nunca

abdicar do propio. Nesta terra, constantemente transitada polos pobos máis diversos, remata en Fisterra unha das principais arterias dos sonhos e das utopías europeas. Galicia nunca deixou de ser o pórtico de chegada e de partida dos seres humanos e das súas culturas, da gloria dos seus ideais como tamén da miseria das súas colonizacións. Pensemos na ansia do transatlantismo que se cumpriu coa expansión galego-portuguesa e na que o condado portucalense levou a lingua e cultura galegas primeiro cara ao sur e despois alén mar, espallándoas polo mundo fóra. Por esta razón, o IX Congreso da AIEG inaugurouse cunha conferencia, que encabeza estas actas, do académico e prestixioso galicianista da Universidade de Oxford, John Rutherford, sobre «Os Estudos Galegos nos contextos globais», contextos que despois se foron analizando e debatendo ao longo do congreso.

Os Estudos Galegos académicos acompañan Galicia na súa continuada encrucillada entre terra e mar, entre Europa, América e África, o norte atlántico e o sur mediterráneo, entre a Hispanidade, a Lusofonía e o mundo anglófono. Mais, Galicia, esta nación sen estado, nunca chegou a diluírse nestas encrucilladas, manténdose sempre futuríbel.

Na década de 80 do século pasado, Jürgen Habermas propuxera un futuro estado europeo supranacional como horizonte final do posnacionalismo. Mais tal filiación recluíríanos no vello ideario do estado nacional-liberal como posibilidade de identificación única e restrita para o individuo. Mentres os estados-nación están a perder importancia fronte á integración europea e o proceso globalizador, as comunidades migrantes mailas minorías abren un dobre desafío: o desafío posnacional e o da diferenciación cultural ou multicultural.

De xeito interdisciplinario, os estudos galegos deixaron de manifesto que sería unha ilusión declarar a morte da nación. Sociólogos como Ruud Koopmans e Paul Statham destacaron que a idea da nación e os seus modelos de cidadanía actualizados son indispensábeis nos procesos non só de exclusión senón, sobre todo, de inclusión e asimilación de migrantes. Da mesma maneira que se está asentando a idea dunha Lusofonía poscolonial independente dos estados-nación, cómpre que reivindicemos unha visión transatlántica e mundializada na que tamén a Galicia actual tería cabida. Situar-se con éxito no palco da cultura global, implica hoxe en día saber traducir entre o concepto decimonónico da nación e aquel vindeiro do século XXI, de cara a unha identificación cultural igualitaria, anovadora e transversal.

No peor dos casos, unha hibridación cultural resulta nunha perda, mais a súa vertente positiva é tamén o nacemento de algo novo. Un exemplo ofrece unha antoloxía de narrativa galega traducida ao inglés que xoga explicitamente coa anovación da tradición: *From the Beginning of the Sea*. A metáfora do *finis terrae* que atravesa a cultura galega tradúcese nun anovador e anosador «principio do mar» que marca, ademais, a vontade de iniciar unha nova época de aspiración global, sen perder o arraigo local. Mais unha cultura periférica nunca debe ser un refuxio imaxinario. Por razóns históricas e socioeconómicas, Galicia, se se quixese aliar con grandes bloques culturais, estaría practicamente obrigada a adoptar a lingua como un esencialismo estratéxico.

O grande potencial mediador que alberga a cultura galega, colocouna cun pé en cada unha das grandes culturas ibéricas, un feito que reverte en capital para unha negociación identitaria nos contextos globais. Situar-se con éxito no palco e no mercado da cultura e da academia internacional, implica hoxe en día saber traducir a propia cultura acorde cos momentos fluídos

e migratorios dos tempos que corren. Tamén os Estudos Galegos precisan cada vez máis de debates transversais e interdisciplinarios, algo que o IX Congreso da AIEG quixo potenciar. Especialmente no eido da literatura o congreso ofreceu moitas achegas anovadoras nesta nova topografía intelectual que Emily Apter deu en chamar as «zonas de tradución», tanto entre disciplinas académicas como entre culturas.

A «materna Galiza», como dicía Eduardo Lourenço, ben podería asumir o lugar de orixe da expansión lingüística e cultural lusófona, transformándose non só no punto de reencontro entre a Lusofonía e a Hispanidade, mais incluso superando a utopía da Hespaña que imaxinara Castelao, ao abrirse á globalización en todas as súas facetas. A Galicia de hoxe e os seus estudos académicos precisan buscar o seu lugar nesta rede de grandes conxuntos como o Commonwealth, a Francofonía, o Panarabismo, a Hispanidade e a Lusofonía, en histórica rivalidade pola ordenación simbólica do mundo. É nesta constelación plural e plurisemiótica onde a cultura galega e os seus estudos teñen que ser reconfigurados.

Hai circunstancias en Galicia que estamos habituados a interpretar como problemáticas, mais que representan auténticas vantaxes: A realidade galega da actualidade é a dunha sociedade en movemento, dunha cultura en obras. Neste sentido, a emigración galega xa propiciara un sistema transnacional e cosmopolita *avant la lettre*. As comunidades da emigración levaron na cabeza o que Manuel Rivas chamou o «país portátil». Son estas identidades culturais portátiles que na nosa época migratoria de persoas e ideas representan un dos máis valiosos bens culturais, servindo tanto para a conservación como para transaccións actualizadoras.

Con todo, é preciso que os estudos galegos académicos non confundan cultura con política e que se desprendan da cohabitación forzada entre cultura e nación. Desde hai algún tempo o concepto da cultura foi impregnando todo, desde a economía, pasando polo poder das institucións ata chegar á propia estrutura psicolóxica do suxeito. En palabras de Gayatri Spivak, a culturalización é unha forma de despolitización da teoría académica e a relación nación-cultura en Galicia aproximaríase deste escenario despolitizado. Tamén nos Estudos Galegos a culturalización cómpre vela non soamente como un feito social mais como o síntoma dunha metodoloxía imposta por un sistema privilexiado, que monopoliza o poder sobre a definición das identidades culturais. Para palialo, Spivak propuxera a práctica dun «esencialismo estratéxico» que, sen caer en esaxeros, aspira a preservar unha capacidade de resistencia contra os diferentes monopolios. O concepto da nación aínda non pode ser substituído polo concepto da cultura; e a tradución entre a lingua da política e a da cultura é posíbel, mais non permite neutralizacións.

A partir destas e outras contextualizacións, o IX Congreso da AIEG abriu perspectivas interdisciplinarias para os Estudos Galegos neste novo século. A nosa Asociación cumpriu naquel ano 26 anos de existencia, inseríndose desta forma nas conmemoracións do 25º aniversario do Consello da Cultura Galega que é, desde xa hai unha década, o noso principal valedor e asociado no labor da promoción e divulgación dos Estudos Galegos académicos a nivel internacional. Por iso, queremos agradecer o apoio inestimábel do Consello da Cultura Galega, como tamén queremos agradecer a plena dispoñibilidade e as contribucións importantísimas, tanto financeiras, loxísticas ou académicas, que nos chegaron das tres universidades galegas e, especialmente, das Facultades de Xeografía e Historia e da Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela, da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da

Universidade de Vigo e das súas respectivas Reitorías que no 2009 asinaron convenios coa AIEG. Co seu IX congreso a AIEG quedou firmemente vertebrada polas máis importantes institucións académicas galegas.

Outras achegas que fixeron posíbel este congreso foron as axudas da Dirección Xeral de Promoción e Difusión da Cultura da Consellería de Cultura e Turismo, como da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que continúan apostando polo noso traballo, recoñecendo así a nosa función de embaixada de Galicia no eido académico. Tamén a Real Academia Galega, recentemente centenaria, avalou o congreso e abriunos as súas portas e as da Casa-Museo de Emilia Pardo Bazán. Os concellos das cidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo amosaron a súa hospitalidade cara ás/aos nosos congresistas con fortes apoios de índole moi diversa. Da mesma maneira debemos agradecer colaboracións que por seren menores non deixan de ser indispensábeis: do Instituto da Lingua Galega, da Asociación de Escritores en Lingua Galega e do Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Vigo. Finalmente, os nosos agradecementos van ás moitas persoas, socias e socios da AIEG mais tamén alumnado das tres universidades galegas, cuxo esforzo e empeño fixo posíbel a realización do congreso: Pilar Cagiao, Xulio Sousa, Craig Patterson, Gabriel Rei-Doval, Marleine Paula de Toledo, Gabriel Pérez Durán, Natalia Vázquez García, Carolina Pérez Capelo, María Xesús Piñeiro Domínguez, Daniel Barbero Patiño, Andrea González Pereira, Olalla Lamela Rodríguez, Verónica Taboada Lorenzo, Iria Míguez Seoane, Fidel Blanco Rodríguez e Paloma Villamil Agraso.

As actas que aquí se presentan reúnen aquelas contribucións que non chegaron a ser gravadas pola UVigo Televisión nin publicadas por outras vías, como aconteceu, por exemplo, co grande número de contribucións específicas sobre poesía e que saíron á luz en 2011, de forma separada, nun monográfico especial do *Boletín Galego de Literatura* co título «Novos suxeitos e nova discursividade na poesía galega actual», coordinado por Arturo Casas (véxase tamén <<http://estudiosgalegos.org>>).

Con todo, estes traballos son unha escolma dos múltiples temas tratados en xullo de 2009 e cómpre salientar, e moito agradecer, que as súas autoras e os seus autores tivesen a ben optar por publicar o texto alí presentado a través desta fórmula, contribuíndo así a prolongar no tempo unha xa longa tradición da AIEG, en perigo precisamente polas novas ferramentas de comunicación: a publicación de Actas dos seus Congressos. Nesta ocasión, de novo, contouse co apoio do Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña, cuxo director, Fernando González Muñoz supervisou en todo momento e coa profesionalidade que o caracteriza, a edición electrónica do que vén sendo a segunda entrega da serie iniciada cunha parte das Actas do IX Congreso da AIEG en Salvador de Bahia, Brasil, publicadas en 2009 co título *Achegas ao estudo da cultura galega* (edición de Olivia Rodríguez González e Laura Mariño Sánchez). E de novo tamén, contamos nesta ocasión co bo facer do editor Juan de la Fuente, responsable último da saída ao prelo do volume.

Esta escolma gravita, outra vez, sobre o común denominador da cultura galega e formula distintos enfoques socio-históricos e lingüístico-literarios. O interese dos mesmos é que dan conta da vivencia da lingua e da cultura galega máis aló de Galicia, permitíndonos facer o periplo polas migracións dos dous últimos séculos cara a Cuba, Arxentina ou Brasil, e outras

máis antigas que destapan as estruturas comúns dos pobos celtas. É a globalización un fenómeno moderno? Dificilmente se pode soste unha tese deste calibre ante a Historia de Galicia e as súas xentes. Galicia está conformada pola súa xente no exterior, en países desenvolvidos asemade polas galegas e polos galegos da diáspora. Velaí unha preocupación de fondo: Como nos ven as outras culturas? Como podemos cambiar/mellorar a imaxe que de nós teñen no exterior? Que temos que visibilice o que somos? Unha resposta faise evidente: A boa literatura, que merece tradución e recibe atención de quen gosta dos contos, a maxia e a cadencia musical da poesía, e a fondura doutros xéneros de expresión artística. Outra resposta xorde con menos evidencia mais a mesma relevancia: A identidade galega, plasmada na literatura e tamén nos procesos políticos propios e alleos. Unha pegada na Historia que cómpre reivindicar.

Este libro que editamos agora ten como pórtico o discurso que John Rutherford pronunciou no Paraninfo do Reitorado da Universidade de Santiago de Compostela para inaugurar aquel encontro de galicianistas de todo mundo, animando a seguir a investigación e a creación cultural nun mundo ameazado pola desfiguración identitaria que acarrex a economía global. Que as súas palabras sigan servíndonos de semente investigadora.

Así, dende os Estudos Galegos académicos debemos mirar para este século recén iniciado —en ampliación do dito cunqueiriano— coa esperanza dunhas mil primaveras máis da lingua e da cultura galegas, agora xa definitivamente en contextos globais.